

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



**INTERVENCIÓN DE
CRISTINA GARCÍA FONTÁN
NAS TORRES HEJDUK**

26 xuñ—25 out 2020
Cidade da Cultura. Santiago de Compostela

Entrada de balde
cidadedacultura.gal

XUNTA DE GALICIA

PAISAXES INCULTAS

Metamorfose do monte galego

Intervención de Cristina García Fontán nas Torres Hejduk.
26 xuñ—25 out 2020.

Entrada de balde. Máis información en cidadedacultura.gal

Máximo de 7 persoas na torre opaca e unha soa á vez na de cristal.

Prégase non tocar ningún elemento da intervención

GAL

O monte autóctono galego caracterízase polo seu terreo inculto (sen cultivo ou labor), onde cada pedra ten un nome e cada planta, un uso; e onde en moitos dos seus recunchos xermolaron lendas milenarias que alimentaron a súa identidade. É máis ca paisaxe; é contedor dun rico patrimonio cultural inmaterial. No entanto, a acción do home está a mudar o seu aspecto. Unha metamorfose física evidente coa proliferación de plantas adventicias e foréneas con consecuencias ecolóxicas, na súa estética, nos seus usos e tamén no noso xeito de relacionarnos con el. Destes cambios nada inofensivos advirtenos a instalación nas Torres Hejduk da arquitecta Cristina García Fontán, nunha chamada de atención para que a autenticidade e identidade do noso monte non acabe reducida a peza de museo.

Para amosar e alertar desta transformación, reconstrúe na torre opaca un monte típico galego coa súa vexetación e solo característicos: musgo, liques, matogueira, breixo, toxo e herba. Un espazo pensado para escoitar, grazas a relatos que ateigan esta instalación de seres fantásticos e historias increíbles ás que só o noso monte lle puido dar vida. En contraposición, na torre de cristal créase un solo con mimosas, eucaliptos e outras adventicias que medran de forma frondosa, dificultándonos o acceso e a visión.

Unha dualidade na procura dunha reflexión crítica, construtiva e colectiva.

Cristina García Fontán

Doutora arquitecta especializada en Urbanismo pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña, onde imparte clases e coordina o Grao en Paisaxe. Forma parte do Grupo de Investigación Persoa-Ambiente, que desenvolve numerosos proxectos sobre a cidade e a sustentabilidade. Como proxectos destacados en materia de paisaxe están o Corredor Verde da Almáciga, o Plan director de recuperación paisaxística do Monte do Gozo.

CAST

El monte autóctono gallego se caracteriza por su terreno inculto (sin cultivo o labor), donde cada piedra tiene un nombre y cada planta, un uso; y donde en muchos de sus rincones brotaron leyendas milenarias que alimentaron su identidad. Es más que paisaje; es contenedor de un rico patrimonio cultural inmaterial. No obstante, la acción del hombre está mudando su aspecto. Una metamorfosis física evidente con la proliferación de plantas adventicias y foréneas con consecuencias ecológicas, en su estética, en sus usos y también en nuestra manera de relacionarnos con él. De estos cambios nada inofensivos nos advierten la instalación en las Torres Hejduk de la arquitecta Cristina

García Fontán, en una llamada de atención para que la autenticidad e identidad de nuestro monte no acabe reducida a pieza de museo.

Para mostrar y alertar de esta transformación, reconstruye en la torre opaca un monte típico gallego con su vegetación y suelo característicos: musgo, líquenes, matorral, brezo, tojo y hierba. Un espacio pensado para escuchar, gracias a relatos que llenan esta instalación de seres fantásticos e historias increíbles a las que solo nuestro monte le pudo dar vida. En contraposición, en la torre de cristal se recrea un suelo con mimosas, eucaliptos y otras adventicias que crecen de forma frondosa, dificultándonos el acceso y la visión. Una dualidad en la búsqueda de una reflexión crítica, constructiva y colectiva.

Cristina García Fontán

Doctora arquitecta especializada en Urbanismo por la Escuela Técnica Superior de Arquitectura de la Universidad de A Coruña, donde imparte clases y coordina el Grado en Paisaje. Forma parte del Grupo de Investigación Persoa-Ambiente, que desarrolla numerosos proyectos sobre la ciudad y la sostenibilidad. Como proyectos destacados en materia de paisaje están el Corredor Verde de la Almáciga, el Plan director de recuperación paisajística del Monte del Gozo.

PATROCINA

FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA



//ABANCA

//Afundación

INDITEX

INVERAVANTE

Naturgy

Fundación Barrié

°Sabadell

COREN

GAMPA

GADIS

NOSA TERRA 21

BARRERAS

R

MONBUS